

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003224	Fernando Blanco	Cee	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMA	Instalación e mantemento	CMIMA03	Mantemento electromecánico	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0957	Empresa e iniciativa emprendedora	2022/2023	3	53	63

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANTONIO ALBERTO HERNÁNDEZ TABOADA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O IES Fernando Blanco está situado na vila de Cee (A Coruña), capital do concello do mesmo nome, na bisbarra de Fisterra. A súa área de influencia abarca os concellos de Corcubión, Fisterra, Dumbría, Muxía, Carnota e Mazaricos, contando na actualidade con alumnos procedentes destes municipios e doutros como Vimianzo. O concello de Cee e o centro industrial, comercial, educativo e sanitario, podendo considerarse a capital da bisbarra.

No que se refire ao contorno produtivo do centro educativo, temos que dicir que o sector terciario ocupa o 33,2% da poboación, seguido do primario cun 32,5%, o secundario cun 15,9% e a construción cun 18,4%. No sector industrial destaca a empresa Ferroatlántica, adicada á produción metalúrxica e eléctrica, que ten dúas plantas industriais (en Brens e Dumbría) e varias centrais hidroeléctricas; tamén hai pequenas empresas relacionadas coas instalacións eléctricas e de mantemento, talleres de carpintería metálica e madeira; así mesmo, hai varias explotacións derivadas do sector primario, como as industrias madeireiras, piscifactorías, viveiros etc. Contribúe tamén ao dinamismo da vila o feito de albergar o Hospital Comarcal "Virxe da Xunqueira". Do mesmo xeito, ten grande importancia o sector servizos e o comercio. Por último hai que destacar que o máis chamativo da estrutura empresarial é o feito de que está maioritariamente formada por microempresas (o 96% son industrias con menos de 10 traballadores e o 84% teñen entre un e dous, polo que en moitos casos trátase simplemente de autónomos), feito que nos leva a considerar que na bisbarra é fundamental o autoemprego.

Da cordo con todo isto, na elaboración desta programación tivéronse en conta as características do contorno produtivo do centro educativo, así como as ocupacións e postos de traballo máis salientables aos que poderían acceder os alumnos ao rematar os estudos e acadar o correspondente título, todo elo visto dende a perspectiva do contexto de crise económica que estamos a sufrir. Deste xeito, no módulo Empresa e iniciativa emprendedora (EIE) se incluiu formación no coñecemento do sector produtivo ao que corresponde o perfil profesional do título e que vai dirixida a fomentar a iniciativa emprendedora e a innovación na empresa.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Iniciativa emprendedora	Comprensión de diversos factores como a creatividade, a innovación, o risco e a responsabilidade, entre outros, como elementos necesarios para levar a adiante un negocio.	6	10
2	O entorno da empresa e o estudo de mercado. O Plan de empresa	Relacións que mantén a empresa co seu entorno social, económico, laboral, político, legal, demográfico e xeográfico entre outros, así como obtención e análise dos datos do mercado (o produto, a súa comercialización, o prezo, os clientes, a competencia,) que se precisan para comprender o funcionamento do negocio e comezar a elaborar o Plan de empresa.	12	20
3	Dándolle forma ao negocio.	Estimación do custo de levar a cabo a idea e o modo de obter os recursos económicos necesarios para elo. Coñecemento das diversas formas xurídicas que pode ter unha empresa (Sociedade anónima, limitada, cooperativa, etc.) atendendo a diferentes factores como: a responsabilidade, a fiscalidade, a facilidade dos trámites de creación, o capital que se precisa, etc. Coñecemento dos pasos legais que temos que dar para constituir a nosa empresa e distinguilos dos trámites necesarios para poñela en marcha.	16	25
4	A xestión fiscal, administrativa e financeira.	Particularidades dos impostos que teremos que pagar por crear a nosa empresa e poñela en funcionamento. O control do patrimonio da empresa, o rexistro dos ingresos e gastos e dos cobros e pagos.	14	20
5	A documentación a empregar	Diversidade de documentos do proceso de compra-venda e dos cobros e pagos.	15	25

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa emprendedora	6

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector dos servizos relacionados co mantemento electromecánico.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito do mantemento electromecánico, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de mantemento electromecánico (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector dos servizos relacionados co mantemento electromecánico.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito do mantemento electromecánico.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O entorno da empresa e o estudo de mercado. O Plan de empresa	12

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de mantemento electromecánico en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada co mantemento electromecánico e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de mantemento electromecánico, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de mantemento electromecánico, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de mantemento electromecánico: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de mantemento electromecánico: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.



Contidos

Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Dándolle forma ao negocio.	16

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector dos servizos relacionados co mantemento electromecánico.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de mantemento electromecánico tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA3.9.1 Incluíuse no plan de empresa información relativa ás axudas e subvencións.
CA3.9.2 Incluíuse no plan de empresa información relativa ás axudas e subvencións.

4.3.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresario.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de mantemento electromecánico.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
Plan de empresa: trámites administrativos e xestión de axudas e subvencións.
Plan de empresa: elección da forma xurídica.



Contidos

Plan de empresa: trámites administrativos de constitución e de posta en marcha.

Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector dos servizos relacionados co mantemento electromecánico.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A xestión fiscal, administrativa e financeira.	14

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co mantemento electromecánico, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquida
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.4.e) Contidos

Contidos
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións. Plan de empresa: trámites administrativos e de xestión dos impostos que teremos que pagar.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	A documentación a empregar	15

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d
CA4.4.1 Identifícaronse os elementos que interveñen no proceso de compra-venda e os documentos empregados no mesmo.
CA4.4.2 Formalizáronse co coidado os documentos máis habituais empregados no proceso de compra-venda.
CA4.4.3 Identifícaronse e formalizáronse con coidado os documentos máis habituais empregados no proceso de cobramento e pagamento.
CA4.6 Valorouse a comunicación interpersonal como un elemento básico no proceso da xestión administrativa e comercial.

4.5.e) Contidos

Contidos
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de mantemento electromecánico: documentos administrativos e documentos de pagamento.
O proceso administrativo da compra-venda. O pedido, o albará e a factura.
O proceso administrativo de cobramento e pagamento. O recibo, a letra de cambio e o cheque.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.
Coidado na elaboración da documentación contable-financeira.
Coidado na elaboración dos documentos do proceso da compravenda.
Coidado na elaboración dos documentos de cobramento e pagamento máis habituais.
Formalización con corrección, mediante procesos informáticos, da documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, e letras de cambio) (CA4.4)
Formalización con corrección, mediante procesos informáticos, da documentación básica de carácter comercial e contable (recibos, cheques, e letras de cambio)
Formalización con corrección, mediante procesos informáticos, da documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás e facturas)

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES:

BC1. Iniciativa emprendedora

- Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de instalacións eléctricas e automáticas (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
- A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
- Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
- A actuación das persoas emprendedoras no sector das instalacións eléctricas e automáticas.
- O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
- Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
- Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
- Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito das instalacións eléctricas e automáticas.

BC2. A empresa e o seu contorno

- A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
- Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de instalacións eléctricas e automáticas: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
- Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de instalación eléctrica e automáticas: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
- Localización da empresa.
- A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
- Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
- Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
- Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
- Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

BC3. Creación e posta en marcha dunha empresa

- Formas xurídicas das empresas.
- Responsabilidade legal do empresario.
- A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
- Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
- Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
- Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de instalacións eléctricas e automáticas.
- Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

BC4. Función administrativa

- Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector das instalacións eléctricas e automáticas.

- Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
- Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
- Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
- Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
- Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de instalacións eléctricas e automáticas: documentos administrativos e documentos de pagamento.
- Coidado na elaboración da documentación administrativo-financiera.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A valoración dos contidos conceptuais e procedementais, suporán o 90% da nota da avaliación e o 10% restante, no que se valorarán contidos actitudinais, tales como o comportamento e participación activa, avaliaranse través de traballos e actividades diarias na aula.

Na avaliación do alumnado e na configuración da súa cualificación definitiva, poderán empregarse como instrumentos de avaliación, probas escritas e listas de cotexo, corrixidas conforme a criterios obxectivos, e táboas de observación. Para elo terase en conta ademais da realización das devanditas probas, a entrega de traballos (individuais ou/e en grupo) requiridos polo profesor, a realización por parte do alumnado de actividades propostas en clase e a súa traslación ao caderno do curso, a participación activa, a asistencia e puntualidade, e a actitude positiva e respetuosa na clase respecto ós seus compañeiros e cara ó seu profesor.

Durante cada avaliación faranse varias probas escritas que se calificarán de 0 a 10 puntos cada unha, e calcularase a nota media con todas elas en cada avaliación.

O módulo entenderase superado, cando o alumno acade unha puntuación final media, igual ou superior a 5 puntos.

O alumnado suspenso deberá realizar as actividades de recuperación das partes non superadas da correspondente avaliación.

A ponderación dos instrumentos de avaliación será a seguinte:

- Probas escritas (90%) na súa valoración global. Estas probas poderán constar de varias preguntas de resposta curta, preguntas tipo test e supostos prácticos.
- Lista de cotexo (5%) na súa valoración global.
- Taboa de observación (5%) na súa valoración global.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

RECUPERACIÓN ORDINARIA:

As probas de recuperación levaranse a cabo con aqueles alumnos que non houberen alcanzado os mínimos de avaliación esixidos. Esta recuperación poderá facerse por medio de probas similares ás feitas anteriormente co grupo e/ou por medio da presentación de traballos sobre os contidos da materia. Cando o profesor o considere oportuno, poderá facerse unha proba de recuperación por cada trimestre.

Para os alumnos que teñan pendente o módulo de EIE haberá unha proba de recuperación final que se celebrará no mes de marzo/abril e serán avaliados coincidindo coa 2ª sesión de avaliación parcial de módulos de 2º (xusto antes do período ordinario de realización da FCT). Estes alumnos posteriormente, no caso de non acadar unha avaliación positiva, poderán recuperar o módulo pendente durante o período ordinario de realización da FCT (marzo-xuño) e serán avaliados na avaliación final de módulos de 2º no mes de xuño (o alumnado que non recupere o módulo pendente tras esta avaliación final de módulos deberá matricularse como repetidor de 2º curso no ano académico seguinte).

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

AVALIACIÓN ORDINARIA NON CONTINUA:

Os alumnos que perderan o dereito á avaliación continua poderán asistir ás clases aínda que non poderán presentarse ás probas escritas que se convoquen regularmente en cada avaliación. Estes alumnos terán dereito a presentarse a una proba final que se realizará mes de xuño coincidindo coa sesión de avaliación final de módulos de 2º. Os alumnos en cuestión serán avaliados de tódolos contidos impartidos ao longo do curso. Esta recuperación poderá facerse por medio de probas similares ás feitas anteriormente co grupo e/ou por medio da presentación de traballos sobre os contidos da materia. A avaliación do módulo considerarase superada cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación será un dos puntos da orde do día a tratar polos membros do departamento en tódalas reunións que se fagan durante o curso académico.

No departamento de FOL consideramos que un dos xeitos de avaliar a propia programación docente é comprobar mensualmente o grao de cumprimento dos obxectivos programados para cada módulo.

O feito de non acadar o cumprimento dos devanditos obxectivos daría lugar a revisar a metodoloxía utilizada, a secuenciación e temporización dos contidos nos correspondentes módulos, a adecuación dos criterios de avaliación e, no seu caso, das medidas adoptadas para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Para poñer en marcha as medidas de atención á diversidade é necesario comenazar por coñecer ao alumnado (estudos previos realizados, expediente académico, coñecementos previos que pode ter sobre o contido do módulo, se repite ou non, ónde vive, con quen, en que traballan os seus pais/titores, se ten experiencia laboral previa, se está a traballar ou non, etc). Para elo consideramos moi importante facer unha pequena enquisa ou cuestionario previo aos alumnos durante as primeiras sesión de clase, así como, dende o primeiro día facer un seguimento por observación do grupo e rexistrar no diario do profesor todos os datos que consideremos importantes (comportamento, traballo, aptitude, atención, actitude, compostura, sociabilidade, participación, etc.). Deste xeito, os datos acadados levaranse ás reunións que se manteñan co resto do equipo docente correspondente e co titor/a do grupo, para facer unha avaliación inicial onde se poñan en común todas as opinións e informacións acadadas.

É por elo que do resultado desa avaliación inicial e coa posta en práctica da programación didáctica podémonos atopar cunha gran diversidade entre os alumnos/as no proceso de aprendizaxe que se manifesta en situacións como: existencia de alumnos con gran capacidade para aprender fronte a outros aos que lles custa assimilar os novos coñecementos e que non responden globalmente aos obxectivos programados; diferentes niveis de motivación no proceso de aprendizaxe (alumnos que teñen capacidade para aprender pero non queren, fronte a outros que teñen pouca capacidade pero se mostran interesados; alumnos estranxeiros con dificultade para entende-lo idioma, etc.)

En definitiva, a avaliación inicial realizarase ó inicio do curso académico, co fin de contribuir á mellor adaptación posible da organización e da programación deste. A reunión da avaliación inicial será realizada según os criterios establecidos pola Xefatura de Estudos en cada curso académico. O profesorado, de xeito individual, fará unha avaliación inicial previa, que será posta en valor con posterioridade de xeito colexiado en reunión organizada polo titor do grupo correspondente. Nesta reunión determinaranse as características do grupo analizado e as medidas de reforzo ou apoio a levar a cabo no mesmo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O mellor xeito de atender á diversidade é o de previr problemas de aprendizaxe e elaborar programacións que sexan sensibles ás diferenzas e que favorezan á individualización do ensino.

Como medidas de apoio e reforzo educativo a levar a cabo ante alumnos/as que presentan necesidades específicas de apoio educativo, poderíamos citar:

- Empregar metodoloxías diversas nas explicacións dos temas e actividades (distintos estilos de aprendizaxe: sintético, analítico, memoria visual/auditiva....)
- Propoñer actividades de reforzo (para os alumnos que non alcancen os mínimos esixibles), así como actividades de ampliación (para os alumnos con maior nivel de coñecementos).
- Potenciar a atención individualizada.
- Favorecer en todas as actividades tanto a autonomía como o traballo en grupo, (así o alumno verá que pode resolver por si mesmo os exercicios ou axudar ao grupo para resolvelo).
- Utilizar materiais didácticos non homoxéneos (dos que se deriven actividades variadas e con diferentes graos de complexidade).
- Traballar cos alumnos mediante agrupamentos flexibles e con ritmos distintos segundo as necesidades atopadas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O alumnado, ao marxe dos contidos académicos, deberá recibir por parte do profesorado unha serie de valores que deberá asimilar, tales como:

- A actitude positiva e respetuosa na clase respecto aos seus compañeiros e hacia o profesor, o orde e a limpeza, a compostura, a puntualidade.
- O respecto e cuidado dos materiais empregados e dependencias de uso común.
- Especial fincapé na cultura do esforzo.
- Actitude positiva no proceso de aprendizaxe.
- Iniciativa e procesos emprendedores de cara á aplicación do aprendido.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O Departamento de Fol, en colaboración co Departamento de Orientación e outros departamentos didácticos, plantexa organizar unha serie de actividades, coa intención de dar unha visión máis práctica dos módulos propios da nosa especialidade (FOL, EIE).

Para o presente ano académico, as actividades propostas poderían ser as seguintes:

- TALLER SOBRE TÉCNICAS DE BÚSQUEDA DE EMPREGO e TALLER SOBRE A CREACIÓN DUNHA PEQUENA EMPRESA : Estas dúas actividades van dirixidas a tódolos alumnos que estean no segundo curso dos distintos ciclos impartidos no centro, e que en breve, unha vez rematado o ciclo, incorporaranse ao mercado laboral. Permite afianzar os coñecementos adquiridos nos módulos de EIE e FOL. Para a súa impartición contarase coa colaboración de técnicos de emprego da Cámara de Comercio de A Coruña.
- TALLER SOBRE TÉCNICAS DE PRIMEIROS AUXILIOS: dirixida a tódolos alumnos dos ciclos formativos do centro. Para elo tentárase acadar a colaboración do persoal do Hospital "Virxe da Xunqueira" de Cee.

10. Outros apartados

10.1) Formación a distancia

No caso de ter que levar a cabo ensinanza a distancia por mor da situación sanitaria, independente do tempo que se prolongue dita situación, traballarase a través da aula virtual do centro.

O profesor encargado do módulo matriculará a principio de curso aos alumnos na súa aula, e indicarlles unha pautas para que sepan desenvolverse nela. Comprobarase co alumnado a dispoñibilidade de conexión e dos dispositivos necesarios para que poidan seguir as clases de xeito telemático.

Ademáis o profesor irá colgando nela, a medida que se vaian tratando, os distintos temas cos seus contidos, actividades ou tarefas e recursos, aos que terá acceso o alumnado. Para resolver as posibles dúbidas sobre a materia tratada, habilitarase un foro de dúbidas que serán resoltas polo profesor. Outro medio de comunicación a empregar de xeito complementario co alumnado será o correo electrónico.

Tamén a través da aula virtual, convocarase ó alumnado a clases por videoconferencia mediante conexión vía Webex. O número de conexións semanais serán o máximo que se poida, tendo en conta que tamén terán clases doutras materias.

As tarefas e actividades propostas serán correxidas polo profesor e este comprobará se o alumnado se conecta ou non, se comprende o tratado no tema, se razoa as respostas de xeito correcto, se sigue un orde e presenta limpeza nas tarefas entregadas e se estas se entregan en prazo ou non.